



4º Pleno do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA)

Estado da Sociedade da Información en Galicia Principais datos estatísticos



Índice

1. Introducción
2. Ámbitos de observación
 - 2.1 Cidadanía
 - 2.2 Empresas
 - 2.3 Sector TIC
 - 2.4 eGoberno
3. Análise DAFO



1. Introducción

Obxectivo

Proporcionar a información estatística que permita monitorizar a situación e a evolución da Sociedade da Información en Galicia a través dos indicadores de contexto máis relevantes

Fonte de información:

➤ Os datos desta presentación foron proporcionados polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), procedentes de :

- Enquisas propias do OSIMGA
- Avance de resultados dos indicadores de tecnoloxías da Enquisa de Condicións de Vida, realizada no marco do convenio Amtega - IGE
- Datos sobre emprego no sector TIC facilitados polo Instituto Galego de Estatística.
- Enquisas do Instituto Nacional de Estatística (INE)





2. Ámbitos de observación

2.1 Cidadanía



2.2 Empresas



2.3 Sector TIC



2.4. eGoberno





O hábitat, a convivencia con nenos e a idade son factores determinantes no equipamento e uso das TIC en Galicia

Cambio significativo na medición da evolución das TIC nos fogares



2.1 Cidadanía

Esta análise do “Estado da información na cidadanía galega” baséase na enquisa realizada polo **OSIMGA** correspondente ao ano 2011.

O **Convenio de Colaboración entre Amtega e IGE**, asinado en outubro de 2012, para optimizar a recollida de datos, permitiu que xa se esté traballando na próxima edición dos datos relativos ao ano 2012. Este informe publicarase, conxuntamente por Amtega e IGE, en maio e suporá un aforro de máis de 50.000 euros anuais.


Esa nova edición suporá un **cambio significativo nas series temporais** e no estudo da evolución das TIC nos fogares, por tanto, presentaranse comparativas cos datos das edicións previas realizadas polo IGE (anos 2008, 2010 e 2012) debido a que:

- Son os tres estudos con maior tamaño mostral, representan un aumento da mostra de máis de 7.000 enquisas.
- Permite harmonizar datos evolutivos ao empregar nestas tres edicións a mesma metodoloxía (“Enquisa de Condicións de Vida das Familias (ECV) – IGE).



Equipamento TIC nos fogares galegos

➤ A contratación de Internet en Galicia medrou un 19,2% e a conexión a banda larga experimentou un crecemento dun 20,2% no período 2010 – 2011, superando en ambos os dous indicadores o crecemento da media estatal (8,1% e 7,8% respectivamente)






Uso das TIC

Reduciuse a distancia coa media estatal en 2,6 puntos no uso de ordenador e en 3,8 puntos no uso de Internet.

As compras a través da Rede sitúanse a 2,5 puntos da media estatal

Compras a través de Internet
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte datos: OSIMGA (2008 e 2011); INE (2009 e 2010 por non existir enquisa do OSIMGA)
Fonte datos España: INE

➤ Uso de ordenador. Ano 2011: 62,3%



Crecemento 2010 – 2011:

Galicia: 7,8% - España: 2,8%

➤ Uso de Internet. Ano 2011: 57,4%



Crecemento 2010 – 2011:

Galicia: 12,5% - España: 4,5%

➤ Compras a través de Internet. Ano 2011: 16,4%



Crecemento 2010 – 2011:

Galicia: 13,9% - España: 8,6%






Factores que inflúen no avance das TIC


➡ 1. Hábitat: Dispersión poboacional e 199 concellos con menos de 5.000 hab.

Contratación Internet segundo o número de habitantes do concello. Ano 2011
(% sobre os fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA 2011

Nos sete grandes concellos de Galicia (-hábitat de máis de 50.000 habitantes-), a contratación de Internet supera a media galega en 9,6 puntos





Factores que inflúen no avance das TIC

➡ 2. A presenza de nenos/as no fogar: Un factor positivo determinante no uso das TIC

No fogar residen nenos/as en idade escolar obrigatoria:

Uso do ordenador: 78,7%

Uso de Internet : 77,4%



No fogar NON residen nenos/as en idade escolar obrigatoria:

Uso do ordenador: 57,9%


Uso de Internet : 55,6%

En 3 de cada 4 fogares galegos onde reside un neno/a en idade escolar usan as TIC, superando en máis de 20 puntos as porcentaxes que se rexistran noutro tipo de fogar.

➡ 3. Xénero: Menor uso de Internet entre as mulleres

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo o sexo. Ano 2011
(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)

A fenda dixital segundo o xénero en Galicia é de 5,2 puntos, lixeiramente inferior á que se rexistra no conxunto do España (5,4 puntos)



Fonte: Datos Galicia OSIMGA 2011; datos España: INE. Ano 2011




Factores que inflúen no avance das TIC

➡ 4. Idade: Envellecemento poboacional

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo a idade. Ano 2011

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: Datos Galicia OSIMGA 2011; datos España: INE. Ano 2011

Nos tramos de idade de 16 a 44 anos, o uso de Internet na poboación galega sitúase por riba da media estatal. O uso da Rede diminúe significativamente a partir dos 45 anos e a diferenza coa media estatal supera os 9 puntos nos tramos de idade de 45 a 64 anos



Identificados dous segmentos en canto á súa relación coas novas tecnoloxías:

- **Madurez Dixital** (Empresas de 10 e máis traballadores/as): maior dispoñibilidade e uso de ferramentas TIC
- **Crecemento Dixital** (Microempresas e autónomos): menor grao de tecnificación




2.2 Empresas



Contratación de Internet nas empresas galegas

- Atomización empresarial: O 95,4% das empresas galegas teñen menos de 10 empregados/as. En Galicia, existen 145.245 autónomos
- Significativa fenda dixital entre as empresas de 10 e máis empregados/as e as microempresa e autónomos
- Non obstante, obsérvase evolución positiva: a contratación de Internet nas microempresas galegas experimentou un incremento superior ao ritmo de crecemento estatal no período 2010-2012

CONTRATACIÓN DE INTERNET E BANDA LARGA. Ano 2012



Crecemento da contratación de Internet nas microempresas no período 2010-2012:

- Galicia: 17,6%
- Media estatal: 12,2%




Presenza na Rede das empresas galegas

➤ As redes sociais estanse a converter no principal escaparate dos produtos e servizos dos autónomos, superando incluso á media do conxunto das microempresas

➤ Só o 23,2% dos autónomos con Internet dispón de páxina web, 46,9 puntos por baixo das empresas de 10 e máis empregados/as


PRESENZA ACTIVA NAS REDES SOCIAIS

Base: empresas con conexión a Internet



DISPONIBILIDADE DE PÁXINA WEB

Base: empresas con conexión a Internet




Fonte: OSIMGA. Ano 2012

Nota: Inclúense os principais datos de evolución relativos ás microempresas e empresas de 10 e máis traballadores/as pero non se dispón de datos de crecemento para os autónomos por tratarse da 1ª edición do estudo do OSIMGA a este colectivo



COMERCIO ELECTRÓNICO



Crecemento das vendas a través de Internet
no período 2010 - 2012:
Microempresas: 43,4%;
Empresas de 10 e máis empregados/as: 47,9%



➔ Constátase que o tecido empresarial galego se adapta ás novas tendencias, apostando polo comercio electrónico, abrindo novas vías para comercializar os seus produtos

➔ A venda de bens e servizos en liña, medra en ambos os dous segmentos empresariais por riba do 40% desde 2010

Fonte: OSIMGA. Ano 2012

Nota: Inclúense os principais datos de evolución relativos ás microempresas e empresas de 10 e máis traballadores/as pero non se dispón de datos de crecemento para os autónomos por tratarse da 1ª edición do estudo do OSIMGA a este colectivo




SOFTWARE LIBRE

Empresas con Software Libre

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores/as que non son persoas físicas)




Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

Empresas informáticas con Software Libre

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% sobre as empresas informáticas)



Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

Crecemento no período 2010-2012:
Empresas de 10 a 249 empregados/as: 10,3 puntos
Empresas informáticas: 9,8 puntos

➡ O 73,9% das empresas galegas de 10 a 249 traballadores/as e o 82% das empresas informáticas galegas dispoñen de Software Libre



**O número de empresas do sector TIC
experimentou un crecemento do 4,2%
no período 2011 – 2012**

**A evolución do emprego presenta
unha situación de equilibrio,
manténdose por riba dos 15.000
traballadores/as nos tres últimos anos**



2.3 Sector TIC



Número de empresas e volume de negocio do sector TIC


O número de empresas galegas do sector TIC mostra unha tendencia positiva, experimentando un crecemento do 4,2% no período 2011 – 2012. En España, o incremento neste indicador foi dun 3,2%

Galicia é a 6º CCAA con maior número de empresas TIC



Volume de negocio en 2011: 2.234 M€

Número de empresas do sector TIC. Ano 2012






Emprego no sector TIC

➤ O nivel de emprego no sector TIC situouse no ano 2012 nos 15.473 traballadores/as. A evolución interanual do emprego no sector mostra un lixeiro retroceso en relación ao exercicio 2011 (15.855), pero mantense nunha situación de equilibrio a diferenza doutros sectores da economía

Número de empregados / as do sector TIC
Evolución Galicia




Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Anos 2008-2012

Nota: No ano 2009 produciuse a adaptación á nova clasificación europea (NACE Rev. 2) e á versión española da mesma (CNAE 2009). Isto pode provocar desviacións na evolución do indicador



Emprego no sector da Economía do Coñecemento

➤ O nivel de emprego no sector da economía do coñecemento situouse en 2012 nos 30.369 traballadores/as. A metade dos empregados/as proceden do sector TIC (50,9%) e o 18,2% do sector Contidos e Medios de Información.



Fonte: elaboración do OSIMGA a partir de datos proporcionados polo IGE procedentes dos ficheiros de afiliacións e contas de cotización facilitados pola Seguridade Social. Media de xuño e decembro 2012



Galicia supera a media estatal na interacción da cidadanía coas AAPP a través de Internet para a descarga e cumprimentación de formularios oficiais



2.4 eGoberno






Interacción da cidadanía coas AAPP a través de Internet

➤ Un 47,7% dos internautas galegos descargou formularios oficiais (6,7 puntos máis que a media estatal) e un 40,7% enviou formularios cumprimentados a través de Internet (8,2 puntos por riba da media estatal)

➤ Destaca o crecemento experimentado pola descarga e cumprimentación de formularios oficiais a través de Internet

Persoas que interactuaron coas AAPP a través de Internet
(% sobre as persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses)



Crecemento da media galega no período 2010-2012:

- Obter info. das webs das AAPP: 7,7 puntos
- Descarga de formularios oficiais: 16 puntos
- Enviar formularios cumprimentados: 20,4 puntos




Interacción das AAPP coas empresas a través de Internet

➤ Oito de cada dez empresas de 10 ou máis traballadores/as con conexión a Internet interactúa coas Administracións Públicas a través da Rede, experimentando un crecemento do 6,2% no período 2010-2012, co conseguinte aforro de tempo e facilidades para a xestión e tramitación

➤ De novo, hai que salientar a significativa fenda existente entre as empresas de 10 e máis empregados/as e as microempresas e, especialmente cos autónomos (case 50 puntos por baixo)

Interacción das empresas galegas coas AAPP a través de Internet
(% sobre as empresas con conexión a Internet)





3. Análise DAFO

FORTALEZAS

- A convivencia con nenos/as e xóvenes impulsa de xeito determinante o uso das TIC
- Bos niveis de equipamento e uso TIC nas áreas urbanas, especialmente nos sete grandes concellos e entre os xóvenes
- As empresas de 10 e máis empregados acadan niveis de madurez tecnolóxica
- Presenza na Rede a través das Redes Sociais
- Uso da eAdministración por parte da poboación superior á media estatal
- Estabilidade no nivel de emprego no sector TIC

DEBILIDADES

- Baixo nivel de uso das TIC no hábitat rural
- Baixo nivel de uso das TIC no grupo de idade de 45 a 74 anos
- Significativa fenda dixital entre as grandes empresas e as microempresas e os autónomos, que se atopan en fase de crecemento dixital

Análise DAFO

OPORTUNIDADES

- No ámbito da cidadanía:
 - Mellora das infraestruturas de telecomunicación (Plan de Banda Larga)
 - Capacitación dos colectivos en risco de exclusión a través da Rede CeMIT e Voluntariado Dixital.
 - Nova xeración de nativos dixitais (Plan Abalar)
 - Impulso da eAdministración a través de eSanidade
- No ámbito empresarial e sector TIC:
 - Accións focalizadas en función do segmento obxectivo que permita acadar un maior impacto a través do (CDTIC)
 - Para o segmento de Madurez Dixital: accións orientadas á xestión do coñecemento e a interoperabilidade con provedores e clientes
 - Para o segmento Crecemento Dixital: accións orientadas a aumentar a conectividade e presenza na Web
 - Fomento do FLOSS

AMEAZAS

CONDICIONANTES

XEOGRÁFICOS

E

SOCIOECONÓMICOS:

- Envellecemento e dispersión poboacional.
- Complexa orografía.
- Baixo nivel de renda familiar.
- Atomización empresarial (95% microempresas).
- Actual conxuntura económica

galiciã



XUNTA
DE GALICIA